



## Finaliza o prazo de inscrición no Enreguéifate 2022-23 con 43 vídeos recibidos

**13 de marzo de 2023.-** O pasado venres, 10 de marzo, pechou o prazo para participar no Enreguéifate 2022-23. Unha inscrición que rematou cun total de **43 regueifas anotadas: 35 delas na categoría escolar e 8 na xeral**, chegadas desde todos os recunchos de Galicia, desde Carballo, Burela, Compostela, Dodro, Vila de Cruces, Pontevedra, Teo, Vilalba ou Ames, entre outros.

As regueifas participantes xa poden verse na [canle de Youtube](#) do certame e tamén [na web](#).

Hoxe mesmo comeza a fase de votación do xurado, que nesta ocasión está composto por **Socorro García Conde**, técnica de normalización lingüística do Concello de Santiago; **Carme Pereiro**, normalizadora lingüística do Concello de Carballo; **Manolo Maseda**, mestre, músico e regueifeiro; e **Séchu Sende**, mestre, escritor e regueifeiro.

Como cada ano, escollerán as regueifas gañadoras de **seis premios** en cada unha das categorías: regueifa máis brava, máis aguda, máis diversa, máis reivindicativa, mellor cantada e mellor falada.

Os vídeos premiados desta edición anunciaranse a partir do 20 de marzo a través das redes sociais do Enreguéifate.

O **14 de abril** terá lugar a entrega de premios. Será na **Gala Enreguéifate-Regueifesta**, un acto que vai celebrarse no **Auditorio de Galicia**, en Santiago de Compostela, e que suporá un final de festa conxunto dos dous proxectos educativos. Reunirá un milleiro de escolares de Galicia e contará coa participación de alumnado improvisador de centros educativos de Euskadi e Cataluña.

**Enreguéifate** é un proxecto impulsado polos Servizos e Departamentos de Normalización Lingüística dos concellos de Ames, Carballo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Teo que apoia a difusión da improvisación oral en verso (regueifa) para contribuír, por medio dela, á promoción do uso da lingua galega. Neste camiño, Enreguéifate súmase ao labor que xa veñen realizando diversas entidades públicas e privadas, así como moitas persoas do ámbito cultural e do ensino.



O obxectivo principal deste proxecto é que a cidadanía entre en contacto coa improvisación oral en verso a través da experiencia de regueifar, nomeadamente no ámbito escolar. Por iso, inclúe accións formativas para o profesorado e para o alumnado, con máis de 80 obradoiros de improvisación oral e regueifa impartidos en centros educativos dos concellos de Ames, Carballo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Teo; ademais doutros catro abertos ao tecido asociativo celebrados no municipio de Carballo.

**Outros documentos de interese:**

[Cartel Enreguéifate 2022-2023.](#)

[Bases do certame Enreguéifate 2022-23.](#)

**Contacto de prensa:** Elena Mareque, tel. 686 679 897.